

INDO PARA O SAMAÍN

Adaptación da obra “Indo para o Samaín” de Carlos e Sabela Labraña

(EDITORIAL EVEREST)

Rapaz 1: ¡Mirade alí!, ¿vedes o mesmo ca min?

Rapaza: ¡Cabazas!

Rapaz 2: Xa era hora, co gallo da festa do Samaín, non dabamos atopado ningunha. (Achéganse a collelas).

Rapaz 1: A grande pídoa eu. (Á cabaza) Contigo vou tallar unha caveira arrepiante.

Rapaza: Esta para min; vou facer con ela un trasno trouleiro. Imos escachar coa risa.

Rapaz 2: (Desganado) A cabaza que queda é pequecha.....

Rapaz 1: ¡Cóllea!, non hai tempo para buscar máis.

Rapaz 2: ¡Boh!, se non serve para nada.

Rapaza: Non sexas parvo, xa verás como podes tallar unha boa caveira. Só depende da túa imaxinación.

Rapaz 2: ¡Mira que lista! Se tanto che gusta, queda ti con ela.

Rapaza: Ti fuches o último.

Rapaz 2: Pois eu non a quero; é pequecha, rabuda e retorta.

(Á cabaza) Aí quedas, xa atoparei outra.

Rapaz 1: Bulide, que nos é moita hora. (Os rapaces saen).

(A cabaza que quedou comeza a laiarse)

Mazaroca: ¿Qué che pasa ruliña?

Cabaza: ¿Son eu así? ¿Pequecha, rabuda e retorta?

Mazaroca: non lles fagas caso a ese raparigos, eles si que son rabudos e retortos.

(A cabaza cala un anaco, despois comeza de novo a choromicar).

Mazaroca: E agora, ¿Qué tes?

Cabaza: Eu tamén quería ir ó Samaín. Din que é unha festa tan rexoubeira.

Mazaroca: Iso pódese arranxar.

Cabaza: ¿Cómo?

Mazaroca: deixando de laiar e indo cara aló.

Cabaza: ¿eu?, se non sei o camiño.

Mazaroca: non tes máis que seguir os rapaces.

Cabaza: ¡Ai! ¿Soa? ¡Ata me mete medo pensalo!

Mazaroca: ¡Serás mexericas! A min tamén me gustaría ver o Samaín, podíamos ir xuntas. (Comezan a andar).

Cabaza: ¿Ves os rapaces?

Mazaroca: Non, coido que os perdemos.

Cabaza: E agora, ¿Qué imos facer?

Mazaroca: Escolta, aí vén alguén, preguntáremoslle.

(Entran unha morea de follas de árbore escorregando polo chan).

Cabaza e mazaroca: ¡Ola!

Follas: ¡Olaaaa!

Cabaza: ¿Quen sodes vós?

Follas: somos as follas do carballo.....

Mazaroca: e logo, ¿non podeades estar quedas?

Follas: Non....., empúrranos o vento de outonoooo....

Cabaza. Ó mellor sabedes por ónde se vai á festa do

Samaín.

Follas: Quen volo ha saber é o vento...., el leva percorridos

tantos luagareeesss.... (Berran todas xuntas) ¡ Ventooo...!

¡Ventoooo....!

Vento: ¿Quen chama por min?

Cabaza: A cabaza pequecha, que quere ir a festa do

Samaín, pero non sabe o camiño.

Vento: Ide cara ó solpor, atoparedes un souto grande. Alí

volvede preguntar.

Folla: Eu veño de aló e sei o camiño. Se tedes conta de min, para que non me leve o vento, vou con vós. ¡Vide atrás miña! ¡Chegamos!

Cabaza: Aquí non hai ninguén.....,

Folla: Pero seguro que o castiñeiro, que ten moitos, moitísimos anos, coñece o camiño. Mais está a durmir e ten moi mal xenio cando esperta.

Mazaroca: Pois haino que espertar de todos os xeitos.

Todas: ¡Esperta, vello castiñeiro! ¡Esperta!

Castiñeiro: ¡Por ourizos pechos e castañas pilongas!,

¿quen chama por min?

Cabaza: A cabaza pequecha, que quere ir a festa do

Samaín, pero non sabe o camiño.

Castiñeiro: ¡Hum! Non queda lonxe. Baixades polo val e alí no pobo do Irixo, tedes a festa.

Cabaza, mazaroca e folla: ¡Ben! Imos chegar con tempo.

Castiñeiro: (bocexando) ¡Pasádeo ben!

Cabaza, Mazaroca e Folla: ¡Adeus!

Castiñeiro: ¡Adeus! A ver se agora me deixan durmir dunha vez.

Todas(Cantando) ¡Imos para o Samaín! ¡Imos para o Samaín!

(Escóitanse voces. Todos os personaxes, caen ó chan inanimados. (Entra un avó co seu netiño)

Avó: Xa non ha faltar moito para chegarmos á festa.

Neto: pero avó, eu non teño cabaza.....

Avó: non padezas por iso, ímolo pasar ben de calquera xeito.

Neto: Non vai ser o mesmo. Levo todo o ano á espera do Samaín e facíame tanta ilusión tallar a miña caveira....

Avó: Prométoche que o ano que vén... (ve a cabaza no chan)que este ano imos tallar a caveira máis fermosa de toda a festa. ¡Mira aí!

Neto: ¡Unha cabaza!

Avó: (colléndoa do chan) ¡E vaia cabaza!

Neto: Está un chisco torta....

Avó: ¡que dis oh! Ímola tallar e xa verás que ben queda.

(Saen. Mazaroca eFolla reviven).

Folla: Levaron a cabaza.....

Mazaroca: Non hai que poñerse triste. Cabaza conseguiu o que quería; seguro que vai ser unha caveira ben fermosa.

Veña, deixarse de lérias e andando.

Folla: ¿Tras deles?

Mazaroca: ¡Claro! Nós tamén imos ó Samaín..... (saen)

Rapaz 1: ¡Uuuuhh! ¿gústavos a miña caveira? ¿Non é terrorífica?

Rapaza. E o meu trasno, ¿non vos parece rebuldeiro?

Rapaz 2: Este ano non atopei unha cabaza axeitada, pero o ano que vén hei ter a mellor caveira.

Rapaz 1: ¡Mirade aquela caveira!

Rapaza. ¡É impresionante!

Rapaz 2: Oxalá fose miña....

Cabaza: ¡Pero ese non é....!

Rapaz 1: moito se parece a aquela que deixaches no terreo.

Rapaza: xa cho dicía eu, que cun chisco de imaxinación....

Cabaza: ¡Rabudo!

Rapaz 2: Non vos fagades os simpáticos.

Cabaza: ¡Retortooo!

Rapaz 2: ¡Parade oh! Que me estades a asustar.

Rapaz 1: Eu non dixen nada...

Rapaza: Nin eu....

Rapaz 2: Daquela ¿quen foi?

Cabaza: (berrando) ¡Rabudos! ¡Retortooos!

Todos: A caveira está enmeigada! ¡Aaahhh!

(Os rapaces foxen ás présas. Mazaroca e Folla érguense rindo)

Folla: Foi estupendo!

Mazaroca: ¿Cómo o fixeches?

Cabaza: Non o sei, estou tan abraiada coma vós. Se cadra foi a maxia.....

Todas:da noite do Samaín.